


Premio 2019

de poesía, relato e tradución
da **Universidade de Vigo**



XUNTA DE GALICIA

Universidade de Vigo

 XERAIS

Editan:
Xunta de Galicia,
Consellería de Cultura e Turismo,
Secretaría Xeral de Política Lingüística;
Universidade de Vigo,
Área de Normalización Lingüística;
Edicións Xerais de Galicia

Ilustración da cuberta: stmoool (123RF)

© Universidade de Vigo e dos autores/as dos textos, 2019

© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2019

Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo

xerais@xerais.gal

<http://www.xerais.gal>

<http://blog.xerais.gal>

ISBN: 978-84-9121-586-8

Depósito legal: VG 469-2019

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

Premio 2019

de poesía, relato e tradución
da Universidade de Vigo

LIMIAR

Gozamos, un ano máis, coas achegas recollidas nos textos que o xurado dos premios de poesía, relato curto e tradución literaria 2019 considerou merecentes de recoñecemento público. Sirvan estas palabras, polo tanto, para manifestarlles a miña satisfacción e o meu agradecemento a todas as persoas que participaron nesta convocatoria: autoras, autores e xurado. Quero, xa que logo, sinalar o meu entusiasmo por compartir os espazos da nosa universidade con Iván Carpintero Ferreiro, Luís López Alonso, María Dolores López Correa, Anxo Mena Rodríguez, Marinha Paradelo Veiga, Gema Rocha Molina, Xosé Sobral Amoedo e Andrea Ucha Bouzada.

A entrega de premios tivo lugar o día 6 de maio durante a gala «A lingua é/e o futuro», na que a Universidade de Vigo celebrou a festa das letras. Afagounos contar coa presenza de Xosé Luís Méndez Ferrín e do grupo Berlai. O profesor Méndez Ferrín compartiu a súa visión sobre os significados que o Día das Letras Galegas tivo e ten para Galicia, no ano en que Antonio Fraguas é homenaxeado. A música de Berlai coruscou no teatro Vidal Bolaño.

Agradézolle ao xurado destes premios o seu traballo, o seu saber e o seu tempo. E espárexo este agradecemento a todas as persoas que enviastes os vosos traballos e non foron premiados. Precisamente por iso, as vosas achegas engrandecen aínda máis esta selección que aquí presentamos. Anímovos, xa que logo, a continuar intentándoo en vindeiras edicións.

Queremos afianzar as condicións que converten a Universidade de Vigo nun espazo para o galego na docencia, na administración e na investigación. Avanzar no uso da lingua é un desafío que aspiramos a superar. Para iso, precisamos que todas e todos entendamos que sen nós, sen as persoas que falamos galego, a lingua está seriamente comprometida. Falade, escribide, lede, demandade e entusiasmadevos co galego. Aí está todo!


MANUEL REIGOSA ROGER
Reitor da Universidade de Vigo

Composición do xurado

O xurado dos premios de poesía, relato curto e tradución literaria da Universidade de Vigo 2019 estivo composto por Anxo Angueira Viturro como presidente por delegación do reitor, Francisco Alonso Villaverde, Susana Cruces Colado, Lourdes Lorenzo García, Oriana Méndez Fuentes, Alexandre Rodríguez Guerra, Beatriz Rodríguez Rodríguez e Fernando Ramallo como secretario con voz pero sen voto.



poesía



PRESAL

Luís López Alonso

Primeiro premio

EUROPA

quen lembra agora un bico non é nada
Metuxalén Metuxalén
en Mauthausen
que chegan as cometas!
de brazos pendurando invertebrados bolboretas
acostumaba a ser metralla como nun bodegón
seca ou podre sobre a mesa de autopsias melocotón ou
case sombra de balorento tapiz
viño
sangue
non prefirades o comiño ante a estola da tarde correde
aos patios aos bordeis de Berito volvede
ao bico tan estraño aos meus dentes ao
limo
Deutschland
ao limo

(eu)

brando a espada baixo a que brindas Dámocles
e achéganse ás beirarrúas orfos de Niza
en estertores abraiados e sorrín
e tiran pedras e aniquilan os segredos dos farois
eu

brindo á espada na que cuspe a vida mofo enloitado
como a marea desta praia que engole a Nate Fischer e
que deshabito
como tantos outros

Europa, CIDADE

ESQUEZO NO POEMA

desflorei visións escuras e rías
por riba das sabas nada tras nada
noite
descansaba a lúa e as cadelas orfas
nun poema
defecado case unha sombra máis escura
e rías
petando no peito as cadeas eterno –de merda
pantasma Rembrandt de esguello na visión cun cacique
e a cola
pegañenta nos meus ollos entrepechados e escuras
fíame por favor unha vela e prende as sabas préndeas
Rembrandt
que ardamos ti o riso e as cadeas saíron do peito
paixón desfloradas verbas cadáver o poema por riba da
cama

CONSCIENCIA

deste ser agromado
de paxaros e adeus invocan
as mesmas preguntas sobre o desexo
e a súa resposta é a nada

un paxaro queimado
a túa voz
unha nada

CONSCIENCIA E RIGOR

sombra
a día un
a morte é menos oceánica
e ominosa

DISOCIACIÓN

un fatuo vén
amodo
en cruz
detesta a icona
e cobre
a choiva
o camiño

se agochar o nome
é fedellar na vida que comporta pronuncialo
íspete xerra e bebe de min comigo

xaxuar o nome

**A MIÑA MAI,
SEGUNDO STEPHEN SPENDER**

dende
e a min levaba mai
cálamos virillas á beira do papel
e a ron de cabeza cantarúxame agora o camiñar
sen disturbios ríxida melancolía
e a
min que non me soltase na marxe escrita
que eu aínda era cego e máis tarde
parrulo de camiñar entre liñas *(ollo para arriba)*
e un beixo desexado que fuxía de nós
se fose noso
como peterpans tras as follas do inverno
sen disturbios
dende amén
*(unha carta de amor deitada fica baixo a árbore da miña
futura canción preferida ergue a boina do universo:
—Ola
e mamá indefensa sorrí)*
pinga o orballo no nariz da existencia
e circunstancias na memoria

cae o anel silencioso á beira do camiño

SUBTERRANEANS

baixo de case nada
permanece o sangue

e aquel canto aquel

sangue

todos os santos choraban
baixo de case nada

adeus

adeus Luís

—coma se gorido

baixo de case nada unha solapa aberta
por onde sopra a alma

un bufido enquistado de bisonte

por onde sopra unha soa alma ventada

sangue que arrastra
polas cloacas a Berenguela máis grande

un murmurio que repica na pedra cheirando
a morto bisonte


queda coa *pele*

como se
Lara a rusa
amada

esa *pele* que visten os santos
é miña

que choran e cantan

tras as córneas opacas dun morto



PUNTO NEMO

Andrea Ucha Bouzada

Primeiro accésit

DESDE DENTRO

Corréuchemevos tanto que adiantou o río
e ó *cheghare* á ribeira *seibou a ialma*
coma quen *seiba un ghlobo* preso por un fío.

Así pode verse
de fóra
por fóra.
E deixarse *arrolare* polo vento.

Iso fixo.

E foi *adormesendo* no colíño do *mare*
falando coa Lúa ao mesmo tempo
coma quen fala coa súa *naie*.

Así se mira
de fóra
por fóra.
E pode, por *finhe, descansare*.

Iso escribiu.

CONSCIENCIA

Lembra que existe grazas á luz.
Tropeza consigo nos reflexos.

—Estouparás e a onda expansiva alcanzarate.
Non podes fuxir de ti.

I

Alén da calor e do frío.
Alén das falas e do silencio.
Alén da vida e alén da morte.
Alén do alén.
Alí, chegarei.
Para que?
Xa alí decidirei.
Porque alí, por fin,
poderei.
Alí, serei.
Alén de min.
Alén de alí.

II

Ela está calada.
Ela permanece refuxiada.
Ela fica agochada
de trás do seu corpo.

Non quere que o mundo dea con ela.
Pois ela quere ser ela.
Ela é pura porque o mundo aínda non deu con ela.

Ela está conservada ao baleiro grazas ao seu corpo.
Ao corpo dela.

Ela, sen conservantes.
Nin parabenos.
Nin colorantes.
Nin aromas artificiais.
Nin edulcorantes.

Ela simplemente fica.
Ela é toda ela.
Ela é ela.
Ela é.
Ela.

Á TERCEIRA VAI A VENCIDA

En toda ningunha parte
hai unha parte de min.
Parto de ningures,
son de aquí, de aí e de alí.

Disque son mais non estou.

Cando nunca deas con calquera persoa
toparás coa personalidade desta.
Personifícome nas hipóteses,
puiden desembocar en leis, teorías e teoremas.

Disque estou mais non son.

A primeira vez
xunteime e formei unha morea.
A segunda vez
xunteime e rebentei en Big Bang.
A terceira vez
xunteime e unín as pezas.
De vez
implosionei.

PANÓPTICO

Coñécete.

Se quixer, vai á túa alma.

Se quere, cóllecha para ver como lle acae ao corpo.

Faino sen te decatares, sen sequera sufrires calafrío
ningún.

Seino porque quixo que o soubese.

Amosoumo a través dun espello.

Coñécenos.

E sabes o que?

Non me molesta!

[Marea.]

Lúa e mar.

Ti e eu.

Marea.

DIÁSTOLE*(Tambores tribais.)*

Sóbrame a carne.
De que me serve o corpo?

Se estes pulmóns non me permiten sentar no chan do mar.
Se con estas mans non acado as auroras boreais.
Se a estes ollos non lles dá para ver o que fica detrás do horizonte.
Se por esta boca non podo conversar coas baleas.
Se neste cerebro non cabe o universo.

Aquí nin teño espazo para a DIÁSTOLE.
(Tambores tribais.)

Sóbrame a carne.
De que me serve o corpo?

Por culpa del non son libre.
Este corpo ten máis poder do que eu e non ten poder ningún.
El mata de fame e de sede e non sabe voar.
Neste corpo son medio humana.
Non quero ser humana.

En min solápanse os dous mundos.

(Tambores tribais.)

Sóbrame a carne.
De que me serve o corpo?

Os humanos menten.
Os humanos non senten.
Os humanos teñen límites.
Non son humana.
Nunca chegarei a ser persoa.

Capturoume o outro bando o día en que nacín.
(Tambores tribais.)

Sóbrame a carne.
De que me serve o corpo?

Para termarme do espírito.

(Tambores tribais.)

Sóbrame a carne.
De que me serve o corpo?

Este quen non me permite ser o que que son.

(Tambores tribais.)

O que oes é o meu espírito a bater nas súas paredes.

(Espírito a bater no corpo.)

Sóbrame a carne.
De que me serve o corpo?

DOUS IGUAL A UN

Ao solipsismo xa chegara eu de cativa.
Solipsismo para Descartes,
soidade para min.


Conclusión: inconclusión.
Absurdo existencial.
Un igual a dous.

Existo, logo escribo.
E viceversa.

Se leo, estarei comigo.
Sempre te quedarás a ti mesma.

Escribo, logo existo.
E viceversa.

Deus é a poesía.



NON SOMOS MÁRTIRES

Anxo Mena Rodríguez

Segundo accésit

non volveremos ser xa_ma(á)is mártires

non nacen as arelas nunha chegada espontánea
porque estar estaban e viñan xa de antes
moito antes ou xusto despois ou pouco despois do antes
até atopar e chantarse fondeadas nun intre e nun medio
cultivado coas doses e voces desxs todxs xs que somos
xs que estabamos que tamén pode ser un bar

e si

[claro que aínda que a noite cuberta pecha salte na
música coas nubes e as estrelas non alumeen bañando
só a grolos uns/has e outrxs coas mesturas fermentadas
e licoreadas ao longo de moitos intres nunha algarada
artellada]

existe a propiedade comunal na sociedade local dos
feitos intelectuais
con uso de explotación común e para todxs

así

aínda que hai máis métodos demostrados con tormentas
e vendavais ideais
para outras non precisas de metodoloxía protocolaria
e conxúranse como se fan ou aparecen os arcos da vella
cando hai as condicións e cando lle cadra

[afanse os berros e os sinais como mensaxe porque
agroman cando non hai claridade nun continuar
temporal conversativo e non conservativo e chegan coa
claridade con autoría e sen orixe de saberse ser xa a
partir de aí cara adiante como ideas consumadas]

unha saba os rotuladores coas letras perfiladas que dan profundidade de campo e máis información afirmando o axioma aprendido

as pancartas aséntanse nas mans dunha ergonomía modelo tipo aínda que as deixemos colgadas [no único farol que non alumea de todos os que o rodean e os recursos estilísticos enfrontándose ás construcións esqueléticas de paneis contra/antitemporais abertos só cara á pelexa e á subida

fronte

a saba sinalada é o único berro que se enfronta á letra aberta contra el(xs)
a lea que se formará nas fixacións adiadas atuando o seu noso problema de nós e noso que berraremos cando empuxe vento vén andando á vela mentres asubiamos polos buratos o berro colectivo que racha as engrenaxes autómatas

«é verán aquí en Ans»

[o desenvolvemento desenvolvido dunha outra idea pode saltar a espazos socioculturais próximos ou menos próximos dependendo do tempo que xoga na contra da claridade inicial se non se ten conta de fixar antes as posicións ancoradas na determinación afanse á realidade

hai que ter conta do barullo que se escape dos actos de rebeldía para que non se perda a sorpresa na nocturnidade
contendo só os feitos expresivos transgresores á telepatía etílica dos intres
os feitos físicos de medida improvisada

para que escapar á razón espontánea
búscase unha folla de ruta fuxindo dos dogmas e
facilitando a acción
[a gamela de granito humanízase nas fotos antigas
que arrodean a memoria dos libros feitos sen cor para
seguir pensando ou esquecerse de que nada se fixo ben
comprobado nos paneis explicativos onde se locen]
[e agora alumea o pranto pétreo ou farol tapado coa
humanidade como un pantasma que leva a publicidade
consensual dun equipo o noso equipo ao que fixemos
porque estamos e somos e seguimos estando a ser xs
que o decidiron]

[as interaccións telemáticas feitas fóra da telepatía
que facía a telecinesia dos obxectos comúns ao longo
da noite rexístranse á mañá quizais cun aquel de
inseguridade de intérprete alleo]

os materiais a caligrafía a calidade da vela e os cabos
e cordas e pesos e hora e grupo e organización non se
improvisa
queda no remorso das notas mentais collidas nas
etiquetas das bebidas

e está aí todo como se estivese agardando e únese
porque é tamén e porque somos
os agoiros de conquista e os azos gabeando na
perspectiva de fitar
un pulo e arriba

cheirando á mañá fresca a frescura dunha virada
sabendo que agora vai ser que si


ou mesmo cando as interpretacións son aquelas que por
interpretar o que é veno como unha ameaza

revolvéndose mareadas no primeiro pantocazo
afogados
e vennos
estando e sendo e somos nós
aínda cumprindo ordenanza de retirada á fin da noite
cando remate a marea
sen vela sen pancarta sen cartel sen saba
á deriva
pero tatuado
cicatrizadx no berro

porque
atención

e quédanos moito que conquistar
lembrando todo e asinando o contrato na reafirmación
das boas ideas

nós
porque
non somos
mártires
somos semente



PRIMEIRA TENTATIVA

Marinha Paradelo Veiga

Publicación recomendada

LEONCIÑA

O mundo quédache grande aínda
pero axiña, Leonciña,
vas abrir as túas fauces
para comelo enteiro,
como unha onza de chocolate branco
que tanto che gusta roer.

Tantas cousas aínda que non entendes
e tantísimas outras que entendiches moito antes ca min.
Sempre buscándote tras os meus pasos,
querendo que sexas o que eu non fun.

O Sol sae detrás do teu cabelo
e píntache a cara con pencas,
Leonciña,
e ti, presumida,
decides saír a que te adoren.
Porque en realidade
o único que queres
é que te queiran,
e eu maldígome
porque o único
que nunca che dixen
é que te quero.

Éncheste de complexos por culpa
deste lixo no que nos toca madurar.

Quero destrozar todo e manterte a salvo baixo as miñas ás.
Romper as engrenaxes do reloxo
e deixar que se desfaga en cinzas
todo o que non che faga ben.

Demasiado traballo para as miñas mans
que con só un ano de adultas,
xa están cansas
cheas de bochas e calos,
condenadas como Atlas
a manterme en pé.

Pero Leonciña,
antes de que as túas mans se fagan vellas,
agárrate ás miñas
e fagamos xuntas que todo estoure.
Dáme a túa man irmá,
e rompamos,
xuntas,
os piares do mundo que suxeitamos.

OS 19 ANOS DA CREACIÓN

Cando fun creada
ninguén pensou que sería imposíbel
que fose unicamente carne.

Carne e óso.

Unha simplicidade
da que nin sequera Adán e Eva gozan.

Eu fun creada
e desa creación comecei sendo.
Pero o tempo afirma os meus ósos e
engade anacos de papel nos meus ollos.
Aos meus dedos súmanse cordas aos sete anos.
Na miña pel esvaran bicos deixando os beizos marcados.
As miñas mans adoptan forma de ás cando
elas deciden.

Ninguén pensou que as creacións
non son inmóbeis.
Ata as estatuas cambian
cando o reloxo anda
e eu, humilde,
intentando que as outras obras me saiban,
me vexan ser,
sen dar-me conta de que a creación única,
a creación verdadeira,
non existe.

Só son eu soñándome atemporal.
Só son eu querendo atopar nos demais
o que só atoparei en min.
A miña propia creación.

NON QUERO QUE DEUS ME QUEIRA

Xirando unha vez máis
arredor do meu embigo
atopo as bolboretas que se supón que alguén colocou aí.
Xa non son bolboretas.
Nunha metamorfose inversa
tornaron formigas
e en ringleira infinita
baixan polo meu ventre.
Valentes soldados que se atreveron a profanar a dor e o
recordo
acaban por traicionar a súa dona,
cravándome nos xeonllos
os cravos de Cristo
e marchan sen despedirse sequera.

Agora sufro,
pero sufro santificada.
As miñas cicatrices son sagradas
e que ninguén se digne
a blasfemar contra elas,
porque son miñas,
e vosas.

Desde que xa non teño bechos mordéndome o estómago
a vida non pesa tanto.
As olleiras seguen onde deben estar,
pero tamén o sorriso.
Regálome margaridas sen pétalos

sabendo que quen non quere
son eu,
e que non preciso máis que os meus pés
para escapar.

Esculpen o meu corpo,
as miñas mans bañadas en auga salgada.
O meu bautizo é saber
que só necesito unha persoa que me queira
e o apoio
dos meus brazos
abrazándome.

ZONA LIMÍTROFE

Só estou intentando ser eu mesma.


Creo que a cada xiro
o mareo é máis intenso
e pérdome nun mar de incertezas.

O ser arríncase a cor amarela e convértese en
hexemonía.

E se coincide o que son co que me din que sexa?
Sempre fun incapaz de ver os límites.



relato curto



O TIRADOR

Xosé Sobral Amoedo

Primeiro premio

O outeiro constituía un lugar impecábel para situar a artillería de alcance medio. Como bo coñecedor do terreo (en tempos visitárao moito, para a observación nocturna do ceo), el mesmo fixéralles saber aos artilleiros onde estaban as mellores áreas, aqueles puntos desde os que se podería facer un varrido completo da cidade, así como os accesos máis vantaxosos polos que subir as pesadas pezas do calibre cento cincuenta e cinco. Situadas estas seguindo as pautas que lles indicou, os obuses podían alcanzar case calquera punto da urbe. E abofé que o fixeran.

Durante as primeiras semanas de asedio, unha chuvia de lume e ferro caeu sobre os diferentes distritos urbanos, espallando cráteres por unha superficie que pronto adquiriu unha fumegante aparencia cadavérica. Polas noites a cidade emitía un fulgor que evocaba o tremelucir afastado da caldeira dun volcán. Porén, e contra o previsto polos asaltantes, os habitantes, logo do caos inicial, aprenderan a esquivar as zonas máis perigosas, aquelas nas que máis habituais eran os impactos, e tamén foran atopando puntos cegos e ángulos mortos, lugares relativamente seguros, fóra do alcance directo dos obuses. Enlazando áreas seguras, trazaran corredores polos que transitar, acotío furando

paredes de maneira que se podían atravesar bloques enteiros de edificios sen necesidade de percorrer as rúas abertas. O pánico e o derrotismo foi, devagar, substituído por unha firme determinación de resistencia. Malia o seu aspecto cadavérico, a cidade conservaba un potente pulo vital.

Os asediantes axiña comprenderon que, para rendela, cumpría premer un pouco máis o parafuso; volvérase necesario un anaco máis de presión, a precisa para que pola gorxa urbana deixase de transitar osíxeno. O ríxido fogo de artillería tiña que ser complementado con flexíbeis e móbiles disparos de francotirador; deste xeito, unha nova ameaza, agora itinerante, faría que a morte puidese provir de calquera dirección e esluiría a sensación de que existían lugares seguros. As mellores localizacións para estes tiradores de elite atopábanse en barrios periféricos, os máis expostos e castigados polos impactos da artillería. Despois de facer de guía polo outeiro e as vereas que o sucaban, axiña recibiu unha nova orde: ao abeiro da noite, tanto el como os restantes tiradores debían desprazarse até esa liña de edificios ruinosos e tomar posicións. Dúas semanas despois concluíron que a medida estaba a dar excelentes resultados. Poucos lugares na cidade eran, para entón, por enteiro seguros. A resistencia ben logo fendería.

O artilheiro e o francotirador teñen en común moitas cousas (traballo a distancia, necesidade de cálculo, a contemplación das variábeis ambientais no estudo da traxectoria, saber xogar coa parábola que describe todo proxectil...), pero, ao tempo, áchanse separados por algunhas diferenzas notábeis. Os segundos, por exemplo, saben cando e a quen abaten cunha certeza que non deixa lugar para ambigüidade ningunha. E, por se non fose abondo, acotío actúan senlleiros, sen se integrar nun equipo composto por

observador, cargador, engraxador, mecánico e outros especialistas, de xeito que, ademais de saber cando e a quen, tamén arrostran a certeza de que o que acontece o provoca un mesmo, un e máis ninguén, cargando cunha responsabilidade indisolúbel no socorrido e tranquilizador solvente da actuación grupal. Sabino odiaba aquela diferenza. Se cadra, porque non se detivera a pensar na súa existencia até despois de aceptar a honrosa oferta de formar parte do que era visto como un corpo de elite ao que só podían optar os mellores de entre os mellores. Pero ninguén pode asegurar que pague a pena ser un elixido. Sobre todo cando a un o elixen para despois deixalo sen elección. Mais, malia este desazo interior, nunca deixar de amosar o ben que podía facer o seu traballo e a súa plena disposición a cumprir as ordes. Xamais amosara debilidade ningunha, nin incomodara a ninguén con titubeos. E non ía empezar agora só porque se tratase de disparar (nin sequera observando cando e a quen) sobre a súa cidade natal. Acaso iso implicaba algunha diferenza nunha guerra civil?

Si, é a miña cidade. E que?

En efecto, pois nada.

Outra diferenza que existe entre os artilleiros e os francotiradores é que os primeiros están moi ocupados en ducias de tarefas auxiliares (engraxar, limpar, equilibrar a peza, desmontala, resituala, nivelala unha vez máis...); aos segundos, en troques, sóbralles tempo para cismar. Botan horas contemplando a nada en balde e, cando aparece unha figura humana na mira telescópica, non sempre constitúe unha presenza que xustifique un disparo que delatará unha posición que, acotío, implicou xogar a vida, descubrir e ocupar, e que haberá que abandonar unha vez empregada. Así que, a miúdo, non acontece ren. Até que debe acontecer. Velaí unha parte fundamental do oficio de tirador: saber cando chegou o intre de que algo suceda.

Abatido tres días antes un condutor, un deses tolos que ousaban circular pola cidade asediada ao volante dun camión que a bo seguro estaba a repartir alimentos ou material de primeiros auxilios (detalle que o convertía nunha peza de primeira categoría, porque atinarlle implicaba obrigar a moitos outros a saír dos seus acubillos para procurar alimentos ou plasma), acababa de se trasladar a un novo bloque de edificios. Estaba no primeiro cinto periurbano, un menos castigado pola artillería por mor da protección que lle ofrecía o segundo que se erguera ao seu redor, na parte exterior da cidade. Desde esta nova posición, nun sexto piso, podía enxergar varios puntos do centro urbano. Non acadaba a ver amplas panorámicas deste, pero si laños, ocos entre os edificios, físgoas polas que ben se podía enfiar unha bala se alguén tiña a fatal idea de cruzar a franxa errada no intre trabucado. Púñanselle a tiro varias figuras cada día, pero só durante uns segundos, acotío tempo insuficiente para valorar se pagaba a pena premer o disparador. Precisaba agardar máis e asegurar unha boa presa; un certo disparo que abatese de cheo algún dos líderes dos rebeldes. Non se trataba de xerar baixas porque si, senón de levar a resistencia a fender. E para iso cumpría abater os pastores, os xefes da manda, para que despois o rabaño, desnortado e sen rumbo, se dispersase. O obxectivo do seu labor estaba claro, o que quedaba por clarificar era que facer mentres se armaba de paciencia e agardaba. Con que entreter a cabeza? Porque esta, deixada ao seu aire, teimaba unha e outra vez en lle facer ouvir a mesma insidiosa pregunta: «Que queres ser de maior, miña ruliña?».

Despois de tiralas ao chan coma sacos de fariña, o tenente sempre lles facía ás súas capturas a mesma pregunta. Deseguido, ao tempo que desabrochaba os pantalóns, quedaba fitándoas, como se de verdade lle importase a resposta. Se non lla daban, insistía: «Ti tamén queres

ser princesa?». Co horror debuxándose na súa cara, ás veces retrocedendo a catro patas, do revés, co ventre cara arriba, como arañas acabadas de esmagar que aínda conservan epilépticos movementos reflexos, as presas procuraban recuar. Entón, xa espido el de cintura para abaixo, collíaas dun nocello e volvía achegalas dun tirón seco e contundente. E daquela repetía a pregunta, que outra vez suscitaba a mesma retirada inútil, nun reflexo automático de fuxida que non conducía a ningures. E así até que xa non lles quedaba onde liscar.

E ti, que querías ser de maior?, preguntouse a si mesmo o tirador. Sen despegar o ollo da mira, seguindo coa incansábel procura dalgunha silueta humana sobre a que centrar a cruz que sinalaba o punto ao que se dirixiría a bala, e como quen desbota os recordos insidiosos tapándoseos con outros, deu en matinar na súa propia infancia. Non lembraba desexos de ser soldado, ou non cando menos na forma de devezo persistente; se cadra si pensara algunha vez nesa posibilidade, en especial despois de ver algunha película bélica ou de acción, desas nas que matar resulta doado e aséptico, amais dunha maneira válida e transparente de conseguir que o ben, claramente definido por barreiras cinematograficamente nidias, se impoña ao mal. Pero nunca se imaxinara facendo de francotirador. Nin de olleador de artillería. Tampouco se concibira transmitíndolle a unha peza do calibre cento cincuenta e cinco as coordenadas do punto da praza no que se aliñan en fila india, ante unha cisterna móbil, veciños que, con diferentes envases na man, procuran uns litros de auga potábel. Nin tivera nunca na súa chola os corpos esnaquizados de despois da explosión, os ouveos agónicos dos feridos nin os ollos atónitos e desorbitados cos que os acabados de mutilar ollaban o lugar no que noutrora estiveran os seus membros. Non, nunca pensara naquilo, nin nos rituais nos que un tenente lle pregunta a unha cativa se de maior

quería ser princesa. E niso cismaba, remexendo deliberadamente a súa cabeza para rachar os pegañentos bucles dos remordementos, cando unha silueta veloz traspasou a circunferencia cruzada da mira do rifle.

Movíase rápido. Moito. Tanto, que non tivera tempo de seguilo. Porén, era evidente que se enfiara nun portal que se atopaba ao outro lado da rúa. Podía agardar apuntando a esa mesma entrada. Ou tamén comprobar se o edificio tiña outras saídas. Se era un dos moitos bloques de edificios que a resistencia perforara, de xeito que se podía pasar dun predio ao adxacente sen saír ao exterior, non habería moito que lle facer. Pero iso nunca se sabía. Así que, logo dunha supervisión rápida da parte do edificio que tiña a tiro, volveu centrar a mira na porta. De cando en vez erguía a vista, para obter unha visión completa da zona, por se a peza asomaba por algunha fiestra ou algo se movía na azotea. Cabía a posibilidade de que asomase algún francotirador inimigo. Tamén os tiñan, se ben non moitos nin demasiado destros. Como dicía o tenente, só eran civís con apenas uns días de adestramento. *Pois igual ca nós*, pensara el ao ouvilo. Velaí que resulte tan acaído o nome que se lles dá ás guerras civís: porque, máis ca ningunha outra, as libran civís que aprenderon a marchas forzadas os rudimentos básicos do uso das armas para poder disfrazarse de soldados con certa credibilidade.

Para sorpresa súa, a espera non foi tan longa como era habitual. A figura axiña volveu asomar pola porta, feito que catapultou outra vez o seu dedo índice sobre o disparador. Pero non chegou a premelo. Recoñecer a feitura dun cativo fixo que bufase con decepción. A piques estivera de delatar a súa posición por unha peza sen interese estratéxico ningún.

Peza sen interese?, replicou despois para si mesmo, abanando a cabeza en sinal de negación. Aínda se sorprendía da facilidade coa que a lóxica do tirador se lle

enfiara na chola e, como un virus que infecta unha célula tras doutra, acabara por resultar omnipresente. *Menos mal que non abatín o mocoso ese*, esforzouse en repetir despois. Un sorriso amargo veu á súa boca. *Menos mal, pillabán, que non che metín un tiro.*

O cativo seguiu coa súa corricada aos poucos, ora enfiándose nun porta, ora agochándose detrás duns colectores de lixo. Ademais do avance pola rede de túneles, aquel era o xeito que tiñan os moradores de percorrer a cidade: saltar de acubillo en acubillo até alcanzar a meta. Curioso por descubrir onde se dirixía, seguiu a súa corricada discontinua, erguendo a cada pouco a vista cara ás azoteas e as fiestras altas dos predios; nunca se sabía onde podía haber un tirador rebelde. Por outra banda, non sería a primeira vez que aquelas bestas usaban crianzas para atraer o fogo inimigo e, desa maneira, descubrir as súas posicións. En persoa nunca vira acontecer tal, pero avisáranos para que todos o tivesen presente. Os miúdos tamén eran inimigos. Os rebeldes sabían da relaxación que inducía a súa presenza, e os titubeos que suscitaban á hora de disparar, así que, ante a aparición destes, conviña facer o esforzo de manter a alerta ben alta.

Fíxoo. E sen esforzo ningún. Porque, de súpeto, abandonando o seu avance en zigzag, a figura deu en correr a fume de carozo xusto cara á súa posición.

Volveu pór a mira sobre el. Deter a súa carreira resultaría ben doado, pero non quería abatelo. Abondaba daquilo; nalgures tiña que haber un límite entre o que se podía facer e o que non, un punto no que deterse, un límite claro que aforrase a posterior procura de pretextos e consolos. Pensou en facer un disparo de aviso. Pero entón delataría a súa posición. Os seus reparos ben podían facelo recibir unha bala entre os ollos. E, se non era así, veríase forzado á procura doutro lugar no que parapetarse, o que implicaba volver a se expor. Estaba demasiado preto

dos tiradores inimigos como para moverse máis do fundamental. Tiña que pensar rápido. E actuar.

Disparou contra o asfalto.

Pero, malia o estrondo do impacto no solo a dous metros del, a figura non se detivo. Tampouco se lanzou ao chan. De feito, apenas titubeou. O único efecto do tiro foi provocar a aceleración da carreira. Non demoraría en telo fóra de tiro.

Efectuou un segundo disparo. Tamén a fallar, pero moito máis arriscado ca o primeiro, dos que ben podía rematar coa presa ferida ou morta por simple capricho do azar.

Non foi así. Perdeuno de vista.

O silencio volveu. E con el, as preguntas.

Que raio pretendía aquel mocoso? Por que non se detivera malia os disparos de advertencia? Estas preguntas incomodábano e impedían que se concentrase na procura dunha nova presa. O máis desacougante do acontecido fora o feito de que, lonxe de se afastar dos impactos, tivera a impresión de que estes o levaran a corrixir o rumbo para dirixirse con máis exactitude cara a el. No canto de arredalo, pareceran atraelo. Como se, en vez dunha ameaza, constituísen un faro que guía a singradura dun buque que atravesa unha treboada.

—E ti? Que querías ser de maior? —preguntou ás súas costas unha voz infantil que, malia a súa dozura, por inesperada case lle fixo cuspir o corazón.

Virouse no acto coa arma en alto. Apuntou cara ao cativo, que tamén erguía o canón dunha pistola.

—Baixa esa *pipa*, rapaz —ordenou sen deixar de apuntalo co rifle—. Faino agora mesmo. Non me obrigues a matarte!

—Non é iso o que queres?

—Non quero matarte, neno. Baixa iso!

—Non, pero si queres sentirte obrigado. Así é como te xustificas, non si?

—De que falas?

—Sábelo moi ben.

—Vou ter que disparar, querendo ou non!

—Por que? Só che estou facendo unha pregunta. En canto respondas, lisco. Que querías ser de maior?

—Solta esa pistola, rapaz. Sóltaa e despois falamos.

—Querías ser príncipe?

—Baixa a arma, cona!

—Querías escalar o Everest?

Ao tirador custáballe crer o que sucedía. Reparou en que lle soaba a cara do cativo. Pero, malia isto, ía ter que actuar.

—É a última vez que cho digo, mocoso: solta esa pistola.

—Non mo vas contar? Nin sequera a min? Ou é que non me lembrás?

Fixouse nel con máis detalle. Recoñecer aquela cara fíxolle sentir unha intensa vertixe. A mirada desorbitóuse-lle. O tempo semellou xearse. Apenas atinou a preguntar, entre tateos:

—Quen... Quen diaños es?

O miúdo por fin baixou a arma.

—Cres que me podes enganar?

—De que falas?

—Coidas que podes apagar a miña voz amoreando pretextos?

—De que diaños falas?

—Sei todo o que fixeches, por moito que o enterres.

—Eu non fixen nada. Nada, agás librar esta guerra. Só son un soldado.

—Es un criminal de guerra. Todos os da vosa unidade sódelo. Era iso o que querías ser de maior? Si?

Sabino tamén baixou a súa arma.

—Que diaños está acontecendo? —preguntou—. Quen cona es?

—Non che soa a miña cara?

A pregunta do cativo non tivo resposta.

—Chámome Sabino, coma ti. E, ao igual ca ti, nacín nesta cidade. De verdade non me recoñeces?

—Si, pero non pode ser.

—Eu non son unha possibilidade: son un feito.

—É imposíbel.

—O neno que fuches nunca morre. Deberías sabelo.

—Isto é unha tolemia. Preciso un médico. Teño que volver á unidade.

O cativo volveu apuntar á súa cabeza antes de continuar:

—Non vas a ningures até que me respondas. Que querías ser de maior?

Contendo o reflexo que o impulsara a erguer de novo a súa arma, Sabino premeu os ollos co antebrazo esquerdo. Aquilo non podía estar sucedendo.

Pero cando deixou de premer os globos oculares, o cativo imposíbel seguía alí.

—Isto non pode ser. Teño que liscar de aquí.

Pero non puido facelo. Un estoupido. O caer dun corpo. E o silencio. Desta vez pleno e impecábel.

Por fin.

Como non regresaba ao campamento base nin se recibían novas del, tres días despois o tenente da unidade resolveu facer un recoñecemento da área. Inquietábao a possibilidade de que os resistentes, aqueles afeccionados que apenas se podían considerar inimigos dignos, simple chusma que cumpría limpar do país, abatesen outro dos seus tiradores. Porén, o corpo de Sabino, cun tiro na sen e a súa pistola aínda na man dereita, evidenciaba un novo suicidio.

—Sempre souben que eras un merda –murmurou ante o seu corpo teso.

Despois ollou con sorpresa unha palabra sen sentido que alguén riscara nas paredes da estancia daquel sexto piso en incontábeis ocasións:

Astronauta


Astronauta

Astronauta

Astronauta

Astronauta

...



LE PETIT ARTISTE

María Dolores López Correa

Primeiro accésit

Nota aclaratoria

*Le petit artiste*¹ recolle os últimos días do escultor galego Francisco Asorey na cidade de Santiago de Compostela, en xullo do ano 1961.

Os feitos recreados, aínda que tomados da súa historia biográfica nas personaxes e nos espazos elixidos para a narración, son completamente fabulados no fondo e na forma e non se corresponden coas circunstancias reais da súa morte.

1 Nome co que bautiza o escultor Miguel Rúa a Francisco Asorey cando se coñecen durante a súa estancia en Barcelona.

SAN BENITO

Paquiño ollou como a áncora do barco se recollía sobre si mesma lentamente, arrastrando do fondo mariño moreas de algas e barro.

A cuberta estaba ateigada de xente, pasaxeiros alborotados que coma el abandonaban a terra que os fixera crecer arando a miseria a pé de mar, pero a súa mirada estaba aquela mañá iluminada polo horizonte azul agochado tras as illas Cíes.

Agarrado fortemente á súa pequena maleta, atopouse de repente cos ollos graves e intimidantes do seu pai, que o seguían desde o peirao entornados por un leve sentimento de afecto. Tamén estaba a Elisa², facendo acenos que non comprendía, e os tres medio irmáns que chegaran despois, aínda que ningún dos de sangue, eses cos que chorara a nai que agora tanto lle faltaba en Vigo³.

Unha soidade infantil, demasiado grande para o seu corpo de neno, punzoulle por un momento o corazón. Sen decatarse, o vivido nos seus curtos anos invadiu o porto ao tempo que a áncora remataba o seu ascenso. A nai, a familia que non estaba, o sol da praza da casa de Cambados, a praia da vila e o amigo Ramón⁴, os peixes traídos das profundidades abisais... e, entre tanto recordo, o vento que enleaba os seus cabelos louros ruborizando un pouco máis as súas meixelas de desconcerto.

2 Segunda muller do pai, criada da casa familiar, coa que tivo tres fillos despois dos oito do primeiro casamento.

3 A nai de Francisco morreu sendo aínda un cativo.

4 Ramón Cabanillas, grande amigo do escultor desde a infancia.

Así debe de ser a emigración –pensou, e retirou a mirada comprendendo as bágoas que viñan alagar a súa visión.

O seu pai regresara había anos da Arxentina con fortuna abondo para coidar da extensa familia, mais cun carácter amargo curtido a base de saudades, traballo e morriñas. Desde o alto semellaba un home minguado polos anos e, cunha madurez inusitada e descoñecida, o rapaz comprendeu todos os desacordos que os mantiveran de costas ao entendemento e ao cariño.

Tardara catorce anos en facerlle ver que o seu non eran os libros, os de palabras e contas cando menos, que as mestras da vila non podían aprenderlle o que se escondía detrás das formas e a verdade que agochaban os volumes, a maxia que agromaba dunhas mans traballando a madeira ou a maneira de arrincar coas gubias os rostros dos santos.

Marchaba, si. Deixaba atrás a súa vida de aldea. Marchaba a Barcelona⁵ para esquecer, para facerse maior de golpe e tirar da súa memoria as últimas festas da vila cos cabezudos que se lle aparecían noite tras noite nos pesadelos.

Nas horas roubadas ao colexio perfeccionara as tallas de Cristos e San Benitos⁶, sentado a soas no campo cambadés que lle ofrecía infinitas pólas pelexándose por chegar ás súas mans. Probara varias veces a pintalas e o resultado semellaba bo, abraiante para a súa inexperta destreza, pero quizais as dimensións do encargo, a desaprobación familiar ou o aceite da Elisa fixeran que na ocasión importante as mesturas non funcionaran⁷.

5 Con 14 anos, Asorey marchou a Barcelona a estudar, ao colexio Salesianos de Sarrià, baixo a tutela do escultor Parellada.

6 Santo ao que está dedicada a igrexa de Cambados.

7 Francisco foi o encargado de pintar os cabezudos para as festas da vila, pero mesturou a pintura con aceite de cociña e finalmente non puido saír a atracción.

Do que si estaba certo era do gusto amargo que a frustración deixara na súa gorxa. O seu pai enfadara tanto por avergoñar a familia que mancara nel toda esperanza de artista e, movido pola cólera do momento, botara ao pozo da casa todos os seus utensilios e ferramentas, incluso o seu futuro argallado nas horas dedicadas a dar forma a unha relixiosidade recentemente descuberta. E con cada unha delas, ao tocar o fondo, o pozo devolvéralle un son xordo, oco, de golpe nas tempas e ilusión rota.

Apertando fortemente os dentes e coas bágoas evaporándose ao rodar polas meixelas ardentes precipitárase ao interior sen pensalo, arriscando a vida para rescatar de entre a humidade das pedras ariscas o que alí se perdería.

Con todo, agora o pai, observándoo desde o peirao co abrigo nos ombreiros, semellaba comprendelo e o seu chapeu non conseguía agochar debaixo todo o rubor de tanto entendemento.

Paquiño virou novamente cara ás illas Cíes cando o barco partiu, dándolle as costas ao seu pasado e abrazando cos seus ollos azuis os días que comezaban a sumarse no almanaque do porvir. A áncora xa non se movía e non volvería facelo ata pasados uns días, cando atracasen no porto catalán. E así foi como recuperou de novo o sosego.

Devolveu ao fondo mariño as algas que subiran na súa recollida e arrincou coas mans os anacos de barro aínda mollado. Alí mesmo, na cuberta do barco e mentres Galicia se confundía no horizonte, púxose a traballar⁸.

Co movemento de dedos de quen dá forma á terra mollada, espertou sobresaltado. As sabas estaban empapadas de suor e as mans entrelazadas semellaban gardar

8 Durante a súa viaxe, modela unha cabeza co barro extraído da áncora e, tras o abraio do capitán, sentará todos os días que durará a travesía na súa mesa.

algo no seu interior, quizais o barro, pensou, pero ao separalas atopounas baleiras.

Unha noite máis deu consigo mesmo de neno e agora non distinguía se a dor no peito era polas morriñas ou porque a calor de comezos de xullo secáballe desde dentro os pulmóns.

A Jesusa⁹ espertara tamén conmovida polos seus lamentos e pronta colocou panos húmidos na súa fronte para arredar os malos pensamentos. O seu home preocupáballe, levaba uns días arredado do mundo vagando polas horas sen proveito. Faloulle polo baixo de cousas sen importancia e pediulle que ao día seguinte quedase na cama, para descansar. Tras pechar o trato na madrugada, ambos os dous volveron durmir, desta vez cun ollo aberto.

9 Jesusa Ferreiro, coa que casaría en 1919 tras a morte da súa nai, que impedía o matrimonio ao ser a maior de dez irmáns, tres deles xordos. Terán dous fillos, Francisco e Pepe.

PICARIÑA¹⁰

Estreitou nunha forte aperta a Paco, transferíndolle de pel a pel o afecto á terra e as inquedanzas compartidas. Despois contemplou as súas mans, feridas por tanta pedra e madeira traballada e apertounas fortemente contra si, mentres afirmaba coa cabeza nun xesto de entendemento.

Alí estaban os importantes. Paco, xunto ao Ramón¹¹, coma sempre. Máis aló agardaban sentados á mesa Lugrís, Risco, Manuel, Basilio e Casares¹². No resto da estancia e por todas partes moitos máis, todos, enchendo a casa de comidas do falar e sentir dunha mesma xenealoxía. Xunto á mesa de Paco, a *Naiciña*, guiando a valentía dos alí presentes coma se dun mascarón de proa se tratase.

Aquela xuntanza en Cambados emocionou a Castelao e sabía que estar naquel acto era toda unha declaración de intencións.

De pé fronte ás persoas presentes, petrificado nunha escultura humana, viuse a si mesmo no cuarto dun hospital de Santiago uns anos atrás, gastando as horas nunha vixilia consentida contemplando a *Picaríña*, unha das primeiras obras do seu amigo.

Aquela neniña de madeira levaba no rostro todas as reivindicacións que pretendía recoller nas páxinas da revista *Nós*. A Galicia rural e traballadora traspasaba a

10 Escultura de Francisco Asorey, 1920.

11 Ramón Cabanillas.

12 Lugrís Freire, Vicente Risco, Manuel Quiroga, Basilio Álvarez e Gil Casares.

súa mirada e, mentres el ficaba de fronte á estatua tombado na cama, conmovérase tanto polo simbolismo tan ben retratado polo artista que decidira levar a obra á Coruña para o gozo dos habitantes da cidade¹³.

Por iso agora Castelao sabía que aquela non fora unha premonición de balde, senón máis ben unha certeza. E por iso tamén estaban todos en Cambados esa noite, para homenaxear a quen soubera atallar os camiños do pasado e devolvelos á modernidade¹⁴.

O Ramón, tan próximo ao artista, foi o primeiro en pedir a palabra tras os brindes consentidos, as continuas disertacións e a degustación dos sabores da vila. Ergueuse pedindo silencio e calma e, cando o bater das ondas na praia era o único son que se escoitaba no salón, dirixiuse a Asorey e falou:

Despois do noso Mestre Mateo que traballou esa maravilla dos séculos que se chama o Pórtico de Gloria, viñeche ti a rescatar a lenda froriosa dos imaxineiros galegos. Teus hirmaos rodéanche agora para infundirche alentos e para encherte de cariño doecidos pola inxusticia de que fixeron vítima os políticos madrileños¹⁵.

O escultor contemplaba a escena encollido na súa mesa e os latexos da súa alma volvíanse a cada palabra

13 *A Nosa Terra*, 25 de abril de 1919.

14 Asorey presentou a obra *Naiciña* á Exposición Nacional de 1922 e, aínda que parecía que gañaría a primeira medalla, finalmente obtivo só unha mención galardoada cunha bolsa de viaxe. Este feito foi tomado polo propio escultor e os intelectuais galegos da época no seu conxunto coma un agravio á súa arte e á terra. Organizaron na súa homenaxe unha cea en Cambados, de máis de 200 persoas, á que asistiron as figuras máis importantes da cultura galega.

15 Discurso de Ramón Cabanillas extraído do blog do historiador Juan Carlos Díaz Lorenzo.

máis convencidos, pasando do resentimento obrigado ao agradecemento, e das bágoas ao sorriso.

Tras as loanzas e a euforia contaxiada polas palabras do poeta *Da terra asoballada*¹⁶, moitas mans puxéronse en alto para pedir a quenda de palabra. Todos tiñan algo que dicir, ao escultor e á Galicia enteira, e semellaba que entre aquelas catro paredes estaba cociñándose o caldo que quentaría os corpos e os corazóns das vindeiras xeracións.

Foi Lugrís Freire¹⁷ quen tomou o relevo, enumerando os continuos erros do Estado español na súa inhabilidade para amalgamar e fundir as diversas razas que o compuñan. Os aplausos intercalábanse entre frase e frase do académico e, tras asegurarlles ás persoas presentes que o futuro de Galicia ficaba preto, rematou:

Dise que somos separatistas. Eu grito moitas veces
¡Viva Galicia ceiba!, no me recadey para dicir que
sí, que eu son arredista¹⁸.

Asorey comprendeu de súpeto que alí estaba sentada a alma viva dunha nova Galicia, nunha mestura perfecta de identidade popular e vangarda que agromaba da historia das súas xentes mariñeiras e campesiñas.

O seu ser rexionalista aferrouse con forza ao estómago. Ollou para Risco conmocionado, non sabendo se realmente era meritorio da bondade de tanta xente, pero ante a aprobación tamén exaltada do escritor foi el quen abandonou o seu sitio, achegouse con paso tremente á *Naiciña* e, rodeándoa, pechou os puños elevándoos ao ceo para berrar:

16 Obra do Ramón Cabanillas publicada en 1917.

17 Manuel Lugrís Freire, escritor e activista galego fundador, entre outras, da Real Academia Galega (1906) e das Irmandades da Fala (1916), pai do pintor Urbano Lugrís.

18 Discurso de Lugrís Freire extraído do blog do historiador Juan Carlos Díaz Lorenzo.

Terra a nosa!!!!!!

E os asistentes imitaron o artista, cos puños en alto e a mirada fixa, contestando:

Terra!!!!!!

O TESOURO

Paso a paso, co seu transitar desequilibrado pero elegante, a figura de Valle-Inclán¹⁹ de chapeu e bastón acomodados podía adiviñarse a moitos metros de distancia. Achegábase con calma a Santa Clara²⁰ e Paco contemplaba os seus avances a través das fiestras do taller.

O seu camiñar semellaba canso recentemente chegado de México, esquivando as lastras humedecidas daquela mañá poalleira en Santiago, pero había tempo que non se encontraban os dous amigos e Asorey abandonou o seu traballo para avisar a Jesusa da visita.

A súa muller estaba afanada acomodando aos novos espazos a familia, trasladando ferramentas e pertenzas, organizando os crecentes encargos do seu home e agardando un irmán para o primeiro dos seus fillos.

O novo taller era fermoso, epicentro da vida do matrimonio e do escultor, que establecera un horario monástico para a actividade cotiá. Só o abandonaba para as súas clases na universidade²¹ e a queima da fachada da

19 Ramón María del Valle-Inclán, dramaturgo, poeta e novelista natural de Vilanova de Arousa que formou parte da corrente modernista española.

20 No ano 1918 Asorey establécese definitivamente en Santiago de Compostela e abre un pequeno taller primeiro na Caramoniña –do que saíran as súas figuras femininas alusivas a Galicia– para trasladarse en 1925 a Tras Santa Clara, un lugar idílico con grandes vistas da cidade, xardíns e animais.

21 En 1918 Asorey consegue a praza da oposición como axudante escultor anatómico, para dous anos máis tarde acadar a definitiva como escultor anatómico.

Catedral o día do Apóstolo, ou ben se necesitaba inspi-rarse nas feiras de gando ou fronte ao Pórtico da Gloria.

Por iso as visitas eran sempre ben recibidas, porque facían volver á realidade ao artista e decatarse de todo canto acontecía unha vez traspasados os límites imaxina-rios de Santa Clara.

Valle-Inclán traía nas mans unha torta para o almor-zo e cravada na gorxa a felicitación para o seu amigo. Soubera na súa estancia en terras americanas da sona internacional que acompañaba as súas obras e tamén do seu ingreso no Seminario de Estudos Galegos.

O escritor, tamén asentado en Galicia, botaba en falla os cafés da capital e a mente ceiba de Paco e o seu cerebro privilexiado para a creación eran bos substitutos dos fala-doiros artísticos madrileños. Emocionáballe a humildade coa que traballaba a madeira e a pedra e ficaba abraiado pola súa maneira de baleiralas, emerxendo sen esperalo figuras que eran máis que simples formas porque amosa-ban a quen as contemplaba o que se escondía detrás, aga-rrado no corazón.

Nun lugar privilexiado do taller, xunto á mesa na que ambos os dous sentaron para o café, estaba *O tesouro*²², iluminando coas súas cores tanta desorde e trastes.

Os tempos estaban difíciles para as reivindicacións da terra. Primo de Rivera²³ exercía o seu cargo con man dura e Asorey descargou toda a impotencia sobre o seu amigo.

Contoulle como descubrira en Barcelona a burguesía catalá, que representaba o progreso da identidade facendo do téxtil a lingua e do mar a entrada e saída da súa rique-za. Acontecera o mesmo no tempo que pasara no País

22 Obra coa que obtivo a 2.^a medalla na Exposición Nacional de 1924 e que orixinou un segundo encontro, esta vez en Sobrado, de intelectuais galegos que o sentiron como un novo agravio da política madrileña.

23 A ditadura de Primo de Rivera estendeuse desde 1923 ata a súa dimisión a comezos de 1930, substituída pola «ditabranda» do xeneral Berenguer.

Vasco, cando con dezasete anos abrira alí o seu primeiro taller mentres que traballaba como profesor de debuxo no colexio Salesianos de Barakaldo. Naquelas terras tamén a burguesía estaba en auxe grazas á actividade crecente e incesante dos altos fornos e do porto.

Mais Galicia era diferente, pensaba. Sumida nun atraso de finais de século, os labregos emigrados e a xente do mar que non regresaba vestían de loito as viúvas de vivos, ollando día tras día cara ao horizonte das rías cun sentimento agochado no peito a medio camiño entre a esperanza e o medo.

Valle-Inclán asentía e, manco como estaba, só podía escoitar atentamente o seu amigo e destapar a cabeza quitando o chapeu coa que lle quedaba, ofrecéndolle o entendemento que se lle negaba desde o outro lado das fronteiras debuxadas no mapa.

Sabía el tamén que en América estaba nacente unha segunda Galicia cos restos da xente á que non lle quedaba aquí máis terra que arar. Adoecida como estaba polo inmobilismo institucional, non lle sorprendera tampouco a empresa errada do artista de instaurar Belas Artes na cidade compostelá.

Tentando calmar os ánimos, o escritor tomou curioso unha folla esbarranchada apoiada aos pés do *Tesouro*. Buscou no rostro de Paco permiso e, cando o obtivo, comezou:

Cuberto das silveiras e as edras silenzosas
a céltiga roseira morría sin dar rosas.
E xurdeu Picariña, o gomo milagreiro
criado co-a tenrura do cariño primeiro;
e na mesma ponliña, fillas do mesmo amor,
o sol de cada Maio puxo unha nova fror,
até que o derradeiro, abrindo a Edade de Ouro,
floreceu por enteiro na rosa de ‘O Tesouro’²⁴.

24 Texto lido polo escritor na segunda cea de intelectuais galegos organizada en Sobrado e obtido do blog do historiador Juan Carlos Díaz Lorenzo.

Asinado, Ramón Cabanillas, cunha afectuosa dedicatoria dirixida ao escultor.

Cando rematou a lectura, Asorey xa non estaba ao seu carón. Achegárase coidadosamente a unha escultura a medio facer que ficaba xunto a unha gran ventá nun lado do taller.

O son das gubias comezou a invadir o silencio, irreverente. Parecía un San Francisco, mais non estaba certo da percepción.

Valle-Inclán comprendeu que rematara a fala, que alí xa non se lle esperaba e que mellor era marchar amodo para non distraer o seu amigo dos golpes dos ciceis.

Jesusa aparecera sen facer ruído para indicarlle tamén o camiño, cómplice do seu marido, e así volveu a soidade incomprendida ás mans e á mente do artista, afanado en sacar da madeira a obra que o redimise²⁵.

25 Obra esculpida en 1926 coa que obtivo finalmente a 1.^a medalla na Exposición Nacional, feito que foi celebrado polos seus incondicionais cun gran banquete de festexo en Oseira.

NAI DE DOOR²⁶

Para chegar á aula, os alumnos da Facultade de Medicina tiñan que atravesar un longo corredor decorado coas fotos dos graduados en anteriores promocións. Era este un ritual que se repetía varias veces ao día cada unha das xornadas que duraba o curso escolar e as luces prendidas e os tons escuros da madeira convertían o transitar alborotado nun camiño dirixido ao coñecemento e á sabedoría.

Ao final do percorrido penduraba da parede o debuxo do óso temporal co que Asorey entrara a traballar na universidade²⁷, xusto a carón da porta pola que se accedía ao taller.

Paco amencera aquela mañá distraído e pesaroso. Xa no almorzo rifara con Paquiño, o seu fillo maior, celoso do tempo dedicado ao traballo. No medio da liorta o rapaz rompera os seus bosquexos e ferramentas, reclamándolle as horas roubadas á súa infancia naquel crecer orfo del²⁸.

Para agravar a situación, as cousas non marchaban ben de portas a fóra da casa familiar.

As consecuencias da guerra²⁹ estaban cubríndolles a cabeza, deixándoos cada vez máis afogados. Moitos

26 Escultura de Francisco Asorey, 1931.

27 Debuxo a carbón co que gaña a oposición de axudante escultor anatómico o 31 de maio de 1918.

28 Francisco, fillo maior de Asorey, mantiña unha relación amor-odio coa obra do seu pai. Co paso dos anos, exercerá de profesor de baleirado e modelaxe. O fillo menor, Pepe, amosará inclinación polo debuxo.

29 Guerra civil española, 1936-1939, na que morreron ou se exiliaron moitos dos seus amigos.

foran os que apareceran nas cunetas cun tiro no peito e as mans ás costas sen posibilidade de resistencia e, os que non correran tan cruel sorte, exiliaran a súa vida en terras afastadas, poñendo un océano de por medio á beira de cada esperanza de regreso.

Coa Jesusa argallara un plan de fuga por se alguén os buscaba e, aínda que agora as cousas parecían estar máis calmas, saír á rúa ou abrir a despensa era todo un acto de valentía para a alma.

As visitas no taller eran escasas e cada día eran máis continuas as chamadas do estranxeiro para convidar a familia a abandonar a rixidez e a opresión na que vivían³⁰.

Os que quedaran volvéranse desconfiados, mirando para atrás de vez en cando, ollando o seu pasado e os pasos que parecían perseguilos no seu deambular polas rúas solitarias. Xa non buscaban máis que chegar á casa para sentirse a salvo dos dedos ameazantes de quen facía pública a súa historia.

E os demais gastaban as forzas desaprobando que se aceptasen as condicións do novo réxime, nun esquecemento consentido polas vereas abertas no primeiro terzo do século, agora cubertas de silveiras que mancaban a pel de quen ousaba transitalas.

Por iso quizais rifara co seu fillo aquela mañá de inverno, na que a escuridade o cubrira todo e semellaba non chegar nunca a amencida.

O camiño diario á universidade fixéraselle tamén subida e, aínda que traballo non lle faltaba³¹ e daquela

30 Asorey rexeita en varias ocasións durante a ditadura de Franco abandonar Galicia, mesmo cando é Eva Perón quen lle fai o ofrecemento en persoa.

31 Nestes anos a súa actividade docente multiplicouse, traballando como profesor non só na Facultade de Medicina, senón tamén na Escola de Artes e Oficios, na Escola do Traballo e foi nomeado catedrático de Debuxo no actual Instituto Rosalía de Castro.

tiña que sentirse agradecido, as paredes do seu interior esborrallábanse ante tanto afecto perdido.

Paquiño estaba no certo recriminándolle a súa ausencia. Dixéralle con bágoas nos ollos que non compartían xuntos nin os días de feira e que odiaba ver a súa obra nas rúas recordándolle fose onde fose que el non era importante.

Niso pensaba antes de que Ramón³² asomase pola porta da aula. Achegouse xunto a el decidido e puxo unha das súas mans no ombreiro agarimosamente, recoñecendo co seu xesto os tempos difíciles que lles tocara vivir. Pero tamén reprobou o seu comportamento cando lle contou o acontecido na casa e recordoulle que a austeridade estaba levándoo a separarse irremediabilmente dos afectos que tiña máis preto³³.

Os alumnos entraron enfundados coa bata de traballo. Era hora de comezar a clase e borrou da súa memoria os nubeiros de tormenta que asolagaban a súa razón.

Deulles a benvida aos recentemente chegados e pasou lista mentres Ramón pechaba a porta tras del, deixándoo outra vez na soidade dunha aula abarrotada.

E traballou, todas as horas que puido, as que lle deixaron, coma viña facendo desde neno.

32 Ramón Otero Núñez, profesor tamén da Universidade de Santiago de Compostela e bo amigo do escultor, que publicará unha monografía do artista tres anos antes da súa morte con fotografías de Luís Ksado. Realizou durante a súa docencia un labor de recordatorio e lembranza de Asorey por xeracións.

33 Francisco Asorey consideraba a figura de Francisco de Asís coma un exemplo de vida.

CABALEIROS NEGROS³⁴

Pasara a mañá sumido no desasosego. Os capítulos da súa vida sucedéranse entre as horas, nun botar contas na memoria no que sempre lle quedaban días a deber.

A Jesusa achegábase de cando en vez ao cuarto para comprobar que cumpría coa promesa de descansar, mentres o cheiro a comida e a fogar ía invadindo a estancia facéndoo sentir na antiga casa de Cambados.

Na mesa de noite a radio acesa e as gubias que comprara ao chegar a Barcelona, cando rapaz³⁵.

A imaxinación bulía xunto ao sentimento de responsabilidade polos encargos medio feitos e, aínda que facilmente se acostumara á liberdade de horarios que deixara a facultade tras a xubilación, a enfermidade³⁶ impedíalle dedicar todo o tempo que lle gustaría a traballar no seu taller. A vellez volvérase caprichosa e agora, cando máis podía centrarse no gusto de esculpir, o seu corpo era preguiceiro e a mente esquiva.

Chegábanlle constantes recoñecementos deses que se lles fan aos vellos, pero os que máis apreciara foran ser nomeado académico de honra na Real Academia Galega e

34 Escultura de 1917 presentada na Exposición Rexional Galega.

35 Ao segundo mes de chegar a Barcelona e con 14 anos, Asorey xa pagaba cos cartos que gañaba dos seus traballos a mensualidade de 30 pesetas que custaba a súa formación. Ao mes seguinte, mercou unhas gubias que empregaría ata o final dos seus días e, pasados dous anos, xa se encargaba dunha clase de alumnos/as que o superaban en idade.

36 En 1957 contrae silicose tuberculosa e vese obrigado a reducir a súa actividade profesional e creativa.

fillo adoptivo de Santiago³⁷, a cidade que o recibira había xa moitos anos coas súas rúas e portas abertas.

Sentou na cama e destapou o corpo naquela mañá suorenta de verán na que custaba incluso respirar. Subiu o volume na radio para escoitar mellor o partido de fútbol que comezaba e, cando virou cara á mesa de noite para coller dun dos caixóns o caderno de notas no que apuntaba ideas nas madrugadas de desvelo, algo quebrou no seu interior deixando o seu peito ríxido.

A gorxa pareceu meterse para dentro e os ollos saírse das cuncas e, co brazo esquerdo aínda estirado, tentou mover os dedos petrificados nun xesto de agarrarse a algo. Respirou e case non puido, tentou berrar, pero non atopou palabras no momento, tirou sen querer as gubias e a radio ao tempo que o interlocutor transmitía o gol do seu equipo e, para rematar, tentou comprender o que acontecía ata que, con medo e sen querer, entendeu.

Nos límites da consciencia escoitou portas que se abren e se pechan, á Jesusa chamando por alguén e latexos que se silencian.

Pasados un minutos xa estaban, a un lado da cama, a Jesusa inundada en bágoas e, ao outro, o doutor con cara de extrema preocupación sacando todo canto aparello levaba consigo na maleta de médico.

Do piso de abaixo subira tamén alarmado o párroco quen, con voz calma e un forte xesto de afecto contra a súa man, díxolle:

—Paco, tranquilo. Isto xa remata. Estamos aquí contigo, así que intenta respirar con calma.

37 Nos anos 1957 e 1959, respectivamente.

Asorey abriu ben os ollos, deixou a súa alma en mans de Deus e faleceu³⁸.

A Jesusa enterrouno dous días máis tarde, arroupada por discípulos, intelectuais, amigos e admiradores, ao tempo que o artista recibía a medalla ao mérito artístico do alcalde da cidade.


San Domingos de Bonaval estaba ateigado de xente e a catedral de Santiago presidía no horizonte o acto solemne. Contan os que alí estiveron aquela tarde que o Pórtico da Gloria perdeu de golpe os restos da súa policromía, deixando máis aínda á vista a rugosidade da pedra que o artista tanto admirou e traballou penetrando na verdade da historia compartida.

Aos pés da súa tumba, no pedestal, os versos de Cabanillas, unha vez máis, acompañándoo para sempre:

Soupeche eternizarte abrindo a porta santa da catedral do arte.

E nas rúas das vilas, nas prazas das cidades, nas fotografías de Luís Ksado ou nos libros de arte, nas aulas das universidades e na memoria da terra e no corazón dos seus protagonistas, o son das gubias de Asorey, tallando desde a eternidade a nosa historia.

38 O artista faleceu o 2 de xullo de 1961 dun ataque ao corazón mentres escoitaba un partido de fútbol.



O DEDO EXTRAVIADO,
OU O XARDÍN DOS FAVORES
(CONTO INDA SEN ILUSTRAR)

Iván Carpintero Ferreiro

Segundo accésit

Aquela mañá uns nubeiros ocuparan o ceo, relegando o sol a mostrarse soamente cando os pequenos ocos entre as masas grises llo permitían, proxectando os seus tenues raios sobre a auga verde do estanque. Alí a chuvia caía fina e constante, unha poalla á que lle custaba meterse entre as árbores e escorregar polas follas. As gotas que o conseguían trataban de impedir o seu propio avance engarzándose con forza ás fráxiles agullas dos piñeiros, pois coñecían que o seu destino non era outro que acabar afogadas na terra ou, noutros casos, ser absorbidas polas raíces da basta vexetación do bosque. A chuvia, agora suave tormenta, estendíase dende os límites do bosque ata a Casa Señorial, propiedade do bosque, situada nun claro e cuberta por unha espesa néboa que facía case imperceptible a arquitectura a simple vista. Aquela mansión construírase hai corenta anos e, pese á ornamentación, a súa función non era outra que a de buscar a paz. As noites naquela casa só podían ser iluminadas pola branca luz da lúa e os pequenos escintileos dos vagalumes, e o silencio, compañeiro, pese á súa definición, bastante ruidoso, quebrábase cos cantos dos lobos e os ocos sons dos mouchos. Agora, herdanza de tempos pasados, observaba

coas súas xanelas como o paso do tempo calaba na súa madeira e desgastaba, sen remedio, a pedra da que estaba feita. As columnas da entrada, que suxeitaban, xunto cos muros, o segundo piso, tremían, non sabería dicir, inda como narrador omnisciente, se polo frío que tiñan que soportar ou polo medo e a responsabilidade que cargaban no seu granito.

No faiado unha rapaza andaba a facer manualidades. Un repentino barullo fixo que perdesa a concentración, momento que aproveitou a súa man para dirixir as tesoiras de podar –pois non tiña outras– cara ao dedo corazón, facendo a forza necesaria, nin máis nin menos, para pechar as dúas follas e tronzar cada célula ata separar o dedo. Lonxe de se alterar, a nena dirixiuse ó lavabo, situado, nada máis saír pola porta, á esquerda. Alí colleu unha venda no armario de medicamentos e, premendo o que quedaba do dedo, comezou a vendar a man para tapar a ferida. O remedio enchoupábase pouco a pouco e, dun momento a outro, comezaría a pingar, unha goteira lenta e constante que, como un reloxo de area, contaría o tempo que lle quedara á rapaza. A nena decidiu que a mellor idea era coller o dedo e saír buscar axuda, pois seus pais esqueceran que hoxe a doncela collera o día libre e marcharan ver *La Chauve-Souris Dorée* á cidade. Tería que atravesar o bosque. De volta ó faiado, un corvo, amigo da familia, pois vírano nacer, rebuldaba co dedo entre o seu pico. Un trono resoou por todo o bosque, facendo retumbar as xanelas, e deu paso a un raio que por sorte non prendeu lume. O negro paxaro, seguramente asustado, estendeu as súas ás e, coa forza dun xabaril, rompeu o cristal para saír voando entre a chuva, cara ao bosque e coa falanxe, pingando, entre as súas garras.

—Señor Corvo!, señor Corvo! –gritou desesperadamente—. Onde leva vostede o meu dedo? –continuou sacando a cabeza pola ventá mentres o aire bailaba co seu cabelo, mais a ave non pareceu ouvir nada.

Xa na porta da mansión, as columnas desistiron de seguir con aquela tortura e a rapaza, agora co camisón branco embarrado, tivo que saltar rapidamente a escalinata de mármore se non quería ser esmagada polo granito do teito. Calquera cousa que quedase tras aqueles cascallos xa non se podería recuperar. Limpou as mans e, baixo a chuvia e cunha ameazante tormenta sobre a testa, comezou a súa andaina cara á cidade, desaparecendo entre a espesa néboa.

Un caracol viu pasar a rapaza e preguntoulle se podía axudalo cun problema que tiña:

—Desculpe, señorita –comezou o pequeno molusco quitando o monóculo e gardándoo dentro da cuncha—: podería atender un momento unha cuestión que me ten preocupado?

—Por suposto, Don Caracol –respondeu a rapaza poñéndose o máis que podía á súa altura—. Diga, sen medo.

—Verá, é que hai unhas horas escoitei un barullo dentro dunha árbore. Non estou moi seguro pero creo que é a miña amiga –baixou a cabeza—. Estabamos a pasear baixo a chuvia cando un raio separou os nosos camiños e dende entón ando a buscala –escondeuse dentro da cuncha—. Odio admitilo pero son un pouquiño covarde e non me atrevo a mirar. Ti que es máis grande, poderías ir e botar unha ollada? –sacou os cornos ó sol—. De seguro que non é nada perigoso.

—Por suposto, Don Caracol –asentiu a rapaza.

O sol cada vez era máis imperceptible e a néboa máis e máis densa, como se intentase ocultar a presenza da rapaza. Un pequeno barullo escoitábase dentro dun ombú e a nena, cumprindo o seu encargo, decidiu mirar a través dun burato. Unha pequena pata peluda tocoulle o nariz rapidamente para despois volver esconderse na escuridade do tronco. Curiosa, a rapaza decidiu meter o brazo e, tras recibir unha rabuñada, pensou que o mellor sería buscar outra forma de sacar o que queira que fose aquilo de alí. Atopou un oco entre as anchas e levantadas raíces da árbore e meteuse dentro. Unha gata branca coma a neve recibíuna sentada nunha randeeira mentres se balanceaba ó lado dunha mesiña redonda e remexía, cunha culler de prata, unha cunca de té que inda fumegaba. Un perfume a amorodos encheu de súpeto o pequeno habitáculo.

—Boas tardes, rapariga –pousou a cunca enriba do mantel–. Que é o que te trae por aquí? –deixou repousar o corpo sobre a cadeira.

—Desculpe, Señora Gata, é vostede a amiga de Don Caracol? –preguntou directamente a rapaza.

—Don Caracol? –botou unha gargallada–. Non, muller, non. Mira –deulle un sorbo ó té–. A verdade é que ese molusco é un pouco pesado. Non fai máis que perseguirme polo bosque. É, literalmente, un baboso.

—Vaia, síntoo moitísimo.

—Ti poderías facerme un favorciño de nada? –pesta-nexou seguido intentando convencer a nena.

—Garde eses ollos –respondeu a rapaza cun sorriso.

—Non é nada, eh, tan só quero que lle digas a Don Caracol que non me atopaches –sacou as uñas.

—Sen problema –dispoñíase a saír.

—Ah! E non fai falla que veñas dicirmo –rabuñou os brazos da randeeira– teño ollos en todas as partes.

De volta onde Don Caracol, a tormenta parecía poñerse cada vez máis violenta con cada paso que daba a rapaza. Un forte vento decidiu que era boa idea comezar a soprar e, entre os sons orgánicos que este producía, a nena, agarrando o cabelo, transmitiulle ó molusco:

—Don Caracol... —dubidou a voz—. Eu íalle mentir, pero a verdade é que a miña inocencia non mo permite —cambiou o ton a un máis serio e púxose á súa altura, co queixo apoiado na verde e mollada herba—. A Señora Gata quere que a deixe en paz. Está farta de que a persiga e sexa un cargoso —mirouno fixamente.

—A Señora Gata? —tremeu co medo—. Esa felina ándame a buscar dende hai moito tempo —escondeuse na súa cuncha—. Non é a miña amiga, todo o contrario —saíu de súpeto—. É un ser maligno! —conseguiu dicir antes de que un Dragón Cómodo o comese dun só bocado.

O vermello réptil pasou a lingua polos beizos e, coa súa impasible mirada, deu a volta e seguiu o seu camiño.

—Por fin. Libreime dese baboso —miañou a Señora Gata dende o alto dun eucalipto—. Moitísimas grazas, rapariga. Estaba farta de que manchase o bosque coas súas babas —descendeu como unha pluma—. Sinto non ter nada co que recompensar o teu traballo —refregouse contra as pernas espidas e case azuis da rapaza—, pero a verdade é que só con ver a miña cara de felicidade tería que ser máis que suficiente.

A nena, sen saber como reaccionar, apartou a felina dunha pequena patada e, mentres o ruidoso rosmar se escoitaba cada vez máis afastado, as pernas da rapaza comezaron a correr sen rumbo marcado a un ritmo case tribal, coma se a mismísima Morte tivese postas as súas

ocas mans nos ombreiros da nena á espera dun descoi-do para arrincarlle a alma mentres esta, suxeita ó corpo por un fío espiritual, veríao caer cara a un abismo tan negro como os ollos da súa captora. Unha vez que decidiron parar, encontrábanse fronte a un cantil que daba paso ó basto e ancho océano, agora tamén conquistado pola incansable e sempre presente tormenta. Unha nube máis negra ca o resto detívose por un momento enriba da rapaza, descargando unha chuvía torrencial que limpou o camisón, deixándoo de novo branco, mais non tardou en poñerse vermello, pois a man esquerda apertou a dereita nun acto reflexo. As primeiras dúas pingas tinguíron a herba baixo os pés descalzos da nena e o seu retumbar espertou unha balea azul que durmía no fondo daquel cantil.

—Como é que fixeches iso? —preguntou inda adurmiñada.

—Foi un despiste —apertou a man—. Dóeme moito.

—Compréndote moi ben —intentouse mover—. Que-dei encajada hai uns días e dende entón ninguén me veu axudar.

—Oh, Baleíña —acercouse a ela—. Como é que podo axudar? —refregou a man boa contra a testa para secar a suor.

—Non creo que poidas coa man así, mais sei dun Esquíu Forzudo que podería partir as rochas que non me deixan saír.

—Irei buscalo, non se preocupe.

Adentrándose de novo no espeso e inexplorado bosque, un cartel de SE BUSCA cravado na cortiza dun piñeiro chamou a atención da rapaza:

SE BUSCA
DRAGÓN CÓMODO ROJO
RECOMPENSA: 10.000 PIMIENTOS DE PADRÓN

Un calafrío percorreu o corpo da nena, facendo que unha pinga de sangue que colgaba, dubidosa e inestable, da venda empapada caese ó chan. O pensamento de medo foi interrompido por unha voz profunda que saía de máis aló do piñeiro que, á súa vez, foi afogada por outra algo máis doce, pero menos formal.

—Oh, rapaza —comezou a árbore baixando unha das súas ramas—. Pódesme quitar ese cartel? A xente non se dá conta de que nesta parte do bosque as árbores tamén sentimos. Verdade, compañeiras? —alzou a vista.

—Si! —contestaron todas as especies ó unísono, facendo que algúns paxaros se asustasen e comezasen a voar.

—Por suposto, Maxestade.

E, arrincando o cravo do corpo do piñeiro, preguntou:

—Desculpe, pero poderíame dicir que é o que está a suceder máis aló dos seus dominios? —gardou o cravo e o cartel nun pequeno peto que tiña o camisón na parte dianteira.

—Oh —rañou a parte punzada—. O Moucho Balbuceiro anda a dar conferencias co seu circo andante —sinalou cara ó norte—. Se segues ese camiño de margaridas chegarás ó claro onde se está a celebrar tal espectáculo.

Aquel camiño sentíase diferente ó resto do bosque. Mentres as demais localizacións constituían un ambiente lúgubre e sombrío, ornamentados cunha verde herba e anchas e levantadas raíces que, envoltas en farrapos de musgo, tensaban a paisaxe e confundían a vista, o sendeiro

de margaridas contrastaba, decorado con calma e a súa perfección áurea, co primeiro, mostrando un raio de esperanza que a rapaza decidiu seguir polo momento. En gran medida a escuridade do bosque debíase á implacable tormenta que, pese a estar oculta polas altas e tupidas copas das árbores, observaba cos seus mil ollos –pingas– dende a inalcanzable altura do ceo.

Xa no claro do bosque a chuvia parecía non ter efecto naquel lugar, coma se unha forza divina decidise que, para que o moucho puidese dar o seu discurso, era mellor que a tormenta descansase por un tempo polo menos nese lugar.

—*Amigos míos* –comezou a falar un vello moucho de voz profunda, barrigudo, cunha barba tan longa que lle servía ás veces de bufanda e unhas lentes de vidro tan gordo que de seguro lle permitían ver ata os segredos mellor gardados de calquera que se lle acercase–, *es sabido por todos que una gran amenaza se cierne sin remedio sobre todo el bosque, mas no veo acción ninguna por parte de este* –quitou as ás de detrás das costas, desvelando un caxato torto e mal vernizado co que deu un golpe no toco no que se encontraba–. *Sé perfectamente que hemos de ser gentiles con aquellos que buscan refugio y ayuda en nuestras tierras, pero no han de ampararse en esta ley moral para cambiar nuestras costumbres y hacer lo que les venga en gana* –botou un pequeno sorriso ó escoitar os murmurios dos demais animais e, levando a á esquerda de volta ás costas e deixando o pau na dereita para apoiarse, continuou–. *Vosotros sois quien de cambiar el destino de este bosque, sin embargo habéis de hacerlo a través de mí, pues soy el único con la potestad suficiente para conseguirlo* –alzou a vista e o caxato cara ó ceo–. *Si queremos echar a ese Dragón Cómodo Rojo de nuestro territorio, y*

así evitar que vengan más, necesito que me prestéis vuestros recursos, lo más mínimo que tengáis será suficiente para cubrir los gastos. Por otra parte –volveu compartir a vista cos asistentes– si alguien es capaz de traerme a ese reptil seré yo personalmente quien le entregue una recompensa por tal hazaña.

—Desculpe –interrumpiu a rapaza–, non lle parece un pouco radical o que está a pregoar? –arrimouse ó toco e sentouse para igualar a altura do moucho–. Quero dicir, non está a facer o Dragón Cómodo o mesmo que fariades e facedes vós? Non sei: buscar alimento, un lugar no que vivir... –ergueuse e deulle as costas á anciá ave–. Tomastes sequera a molestia en preguntarlle como chegou aquí? Ou o porqué –volveu a vista e o corpo contra o moucho–. Sei que é máis fácil crer un discurso ben estruturado mais, Eminencia –fixo unha reverencia–, creo que está moi equivocado –finalizou incrédula ante as palabras que lograra dicir.

Un silencio sepulcral invadiu o claro durante un longo e angustioso minuto no que a rapaza xa non sabía se o que fixera estivera ben o mal, unha sensación que percorreu o seu corpo e nubroulle a mente. Un mareo fixo que lle tremeasen as pernas, mais aguantou a compostura todo o que puido. Tras marcar o tempo os sesenta segundos, o silencio foi interrompido por un murmurio que acabou en barullo. Os animais, algúns convencidos e outros non, tornaron ós seus correspondentes fogares, adentrándose no bosque e perdéndose na súa escuridade. O Moucho Balbuceiro, cos ollos enchidos –que non cheos– de cólera, dispúxose a asestar unha picada no peito da rapaza, mais a sorte non estaba con el nese intre pois, por casualidades da vida, acabou co seu propio cravo incrustado na fronte, quedando inmóbil para sempre. A chuvia, como unha ferverza que se precipita con forza sobre unhas rochas,

retomou a súa conquista, reclamando o claro como seu mentres a nena, xa case sen alma, volvíase adentrar no bosque.

Un saltón e unha barbantesa, ignorantes ante a chuvia, discutían debaixo dunha gran folla por unha cuestión de vital importancia que a nena decidiu intentar resolver.

—Non estou moi segura, pero creo que a resposta é verde —respondeu a rapaza con bastante franqueza.

—Non, pois estámosche apañados —replicou a barbantesa.

—E logo, Antonieta? —preguntou intrigada a nena, pois estaba segura da súa resposta.

—Resulta que eu digo que é azul e o parvo do meu marido insiste en que a cor é amarela —cruzou as patas dianteiras—. Se ti te pos a dicir agora que a ves verde non solucionamos nada, ho!


Decidiron que aquel problema dependía da percepción de cada un, pois unha abella que pasaba por alí asegurou que aquela cousa era vermella e un cabaliño do demo, co seu portentoso ollo composto, teimou en que, definitivamente, nin azul, nin amarela, nin verde, nin vermella, aquilo era morado.

Sucedéronse as historias coma esta e a nena esqueceu por completo a petición da balea por atender outras, pero, máis importante, esqueceu o seu propósito naquel bosque. O frío inundaba cada vez máis o seu corpo, tensaba os músculos e parecía romperlle os ósos, mais a rapaza seguía avanzando cara a onde non sabía. A noite chegou ó bosque e trouxo consigo espíritos e ánimas de tempos pasados que, cabalgando entre as árbores e entoando unha canción fúnebre, acompañaban a nena na súa case

eterna andaina. Un fío de sangue dirixía os movementos das ás dun gran paxaro cara ó corpo inerte da rapaza, que xacía nun claro iluminado polo luar mentres a xeadada, ata agora única compañeira, tinguía, se é que era posible, aínda máis de branco a pel da rapaza. Unha vez alí, e coa atenta mirada das camiñantes inefables, o Señor Corvo –que sempre foi Señora– picaba insistentemente un dos ollos da rapaza, para así liberar o que quedara da súa alma e que esta se unise ó bosque. Ou pode que simplemente o dedo non fose suficiente para encher o papo.



traducción



LEITE E MEL

Gema Rocha Molina

Primeiro premio

Datos da obra:

Autora: Rupi Kaur

Título: *Milk and Honey*

Lingua de publicación: Inglés

Lugar e ano de publicación: 2014

Editorial: Andrews McMeel Publishing

A
DOR

*como che resulta tan doado
ser amábel coa xente preguntou*

*leite e mel pingaban
dos meus beizos mentres respondía*

*porque a xente non foi
amábel comigo*

O primeiro rapaz que me bicou
suxeitou os meus ombreiros con forza
coma se fosen o guiador
da primeira bicicleta
na cal algunha vez andou
tiña eu cinco anos

os seus beizos
tiñan o ulido do apetito
que adquiriu do pai
devorando o corpo da nai ás 4.00 da mañá

foi o primeiro rapaz
en me ensinar que o meu corpo era
para llelo dar a aqueles que querían
que me sentise calquera cousa
menos completa

e meu deus
sentinme tan baleira
coma súa nai ás 4.25 da mañá



inculcáronche
que as túas pernas
son unha parada para homes
que necesitan un lugar para descansar
un corpo dispoñíbel
libre dabondo para visitantes
mais que ningún volve
disposto a se quedar

é o teu sangue
nas miñas veas
dime como
debo esquecer

a terapeuta coloca
a boneca diante túa
é do tamaño das nenas
que aos teus tíos lles gusta tocar

sinala onde estaban as súas mans

sinalas o lugar
entre as pernas da boneca
ese onde tirou os dedos
como se che arrancase unha confesión

como te sentes

tiras o nó
da gorxa
cos dentes
e dis *ben*
realmente non sinto nada

—sesións entre semana



debería ser
o primeiro amor da túa vida
aínda o estás a buscar
por todos os lados

-pai

tiñas tanto medo
da miña voz
que eu tamén decidín
ter medo dela



ela era unha rosa
nas mans daqueles
que non tiñan intención
de a coidar


cada vez que
lle dis á túa filla
que lle gritas
por amor
estás a lle ensinar a confundir
ira con tenrura
o que parece unha boa idea
ata que crece
e confía nos homes
que lle fan dano
porque se parecen moito
a ti

—para pais con fillas



tiven sexo dixo ela
mais non sei
que é
facer o amor

se soubese como era
sentirme segura
tería pasado
menos tempo en caer
nas mans que non o eran



o sexo require o consentimento dos dous
se unha persoa está deitada sen facer nada
porque non está preparada
ou non ten vontade
ou simplemente non quixer
se a outra persoa ten sexo
co seu corpo non é amor
é violación

pensar que somos capaces
de amar tanto
porén decidimos
ser velenosos



non hai maior engano no mundo
que a idea de que unha muller
traerá a deshonra ao fogar
se tenta protexer o seu corazón
e o seu corpo

prendíchesme
as pernas
contra o chan
cos teus pés
e esixiches
que me levantase



a violación
partirate
á metade

mais
non acabará
contigo

albergas tristeza
vivindo en lugares
onde a tristeza non debería vivir



unha filla
non debería ter que
rogarlle ao pai
para ter unha relación




tentar de me convencer
de que teño dereito
a ocupar espazo
é como escribir
coa man esquerda
cando nacín
para usar a dereita

—a idea de se encoller é hereditaria

dis que me calme porque
as miñas opinións me fan menos fermosa
mais non fun concibida con fogo no ventre
para que me puidesen apagar
non fun concibida con levidade na lingua
para que fose fácil de engulir
fun concibida forte
metade fío metade seda
difícil de esquecer e non tan fácil
de entender

el destrípa
cos seus dedos
como se estivese a raspar
o interior
dun melón cantalupo




túa nai
ten o costume
de dar máis amor
do que podes soportar

teu pai está ausente

es a guerra
a fronteira entre dous países
o dano colateral
o paradoxo que os une
mais tamén que os separa

deixar o ventre de miña nai
foi o meu primeiro acto de desaparición
aprender a se encoller para unha familia
á que lle gustan as fillas invisíbeis
foi o segundo
a arte de estar baleira
é fácil
crelles cando din
que non es nada
repíte para ti
coma un rezo
non son nada
non son nada
non son nada
a miúdo
a única razón pola que sabes
que aínda estás viva
é polo latexar do teu peito


—a arte de estar baleira



es igual ca túa nai
 supoño que levo a súa tenrura
tendes os mesmos ollos
 porque as dúas estamos exhaustas
e as mans
 temos os mesmos dedos murchos
mais esa furia túa nai non ten esa rabia
 tes razón
 esta furia é o único
 que herdei de meu pai


(tributo a *herdanza*, de Warsan Shire)

cando miña nai abre a boca
para conversar durante a cea
meu pai pon a palabra silencio
entre os seus beizos e dille que
non fale nunca coa boca chea
así é como as mulleres da miña familia
aprenderon a vivir coa boca pechada



os nosos xeonllos
forzados a se abrir
por curmáns
e tíos
e homes
os nosos corpos cotifados
pola xente errada
que mesmo nunha cama chea de seguridade
temos medo


pai. sempre chamas para non dicir nada en especial. preguntas que estou a facer ou onde estou e cando o silencio se espalla como a vida entre nós cústame atopar preguntas para continuar coa conversa. o que quero dicir é. entendo que este mundo te rompeu. foi moi duro para ti. non te culpo por non saber como ser delicado comigo. ás veces fico esperta pensando en todos os lugares onde estás ferido e nunca dirás. veño do mesmo sangue dorido. do mesmo óso tan desesperado porque lle presten atención que me derrubo. son a túa filla. sei que unha cháchara é a única forma que coñeces para me dicir que me queres. porque é a única forma que coñezo de como cho dicir.



abres paso dentro de min con dous dedos e trastórnome. é como unha goma fretando unha ferida aberta. non me gusta. comezas a fochicar cada vez máis rápido. mais non sinto nada. procuras unha reacción no meu rostro e comezo a actuar como as mulleres núas dos vídeos que ves cando pensas que ninguén está mirando. imito os seus xemidos. baleiros e famentos. preguntas se me gusta e digo que *si* tan rápido que soa ensaiado. mais é unha actuación. non te dás de conta.


a cuestión de ter
un pai alcohólico
é que un pai alcohólico
non existe

simplemente
un alcohólico
que non é capaz de estar sobrio
tempo dabondo para criar os seus fillos



non sei dicir se miña nai está
aterrada ou namorada de
meu pai
todo parece o mesmo

estremézome cando me tocas
temo que sexa el



ÍNDICE

LIMIAR DO REITOR.....	5
POESÍA.....	9
<i>Presal</i>	
[Luís López Alonso]	11
<i>Punto Nemo</i>	
[Andrea Ucha Bouzada]	23
<i>Non somos mártires</i>	
[Anxo Mena Rodríguez].....	35
<i>Primeira tentativa</i>	
[Marinha Paradelo Veiga].....	43
RELATO CURTO	53
<i>O tirador</i>	
[Xosé Sobral Amoedo]	55
<i>Le petit artiste</i>	
[María Dolores López Correa]	69
<i>O dedo extraviado, ou o Xardín dos Favores</i> (conto inda sen ilustrar)	
[Iván Carpintero Ferreiro]	93
TRADUCIÓN.....	107
<i>Leite e mel</i>	
[Gema Rocha Molina]	109

POESÍA

Presal

[Luís López Alonso]

Punto Nemo

[Andrea Ucha Bouzada]

Non somos mártires

[Anxo Mena Rodríguez]

Primeira tentativa

[Marinha Paradelo Veiga]

RELATO CURTO

O tirador

[Xosé Sobral Amoedo]

Le petit artiste

[María Dolores López Correa]

O dedo extraviado, ou o Xardín dos Favores

(conto inda sen ilustrar)

[Iván Carpintero Ferreiro]

TRADUCIÓN

Leite e mel

[Gema Rocha Molina]

1396102

